

Ciclo Cine Ciencia Ficción

Adoitamnos esquecernos de cousas



Bloque Americano:

- Neves misteriosas 11/ Junio 2013



- Matadero 5 18/ Junio /2013



- Dias extraños 25/ Junio /2013



Bloque Europeo

- Aelita (Unión Soviética) 2 / Julio / 2013



- On the silver Globe (Polonia) 9 / Julio / 2013



- El hombre Anfibio (Unión Soviética) 16 / Julio / 2013



- El pueblo de los malditos (Reino Unido) 23 / Julio / 2013



- Planeta salvaje (Francia) 30 / Julio / 2013



Programación organizada por Gonzalo Rial Huíson

que nos impresionaron, seguindo as pautas que nos suxiren outros, pequenos logros son borrados e substituídos por información sen importancia. Logo, pasa o tempo, e nunha desas noites de insomnio, rescatas esa película, da que so recordabas unha nave con prantas e un fulano de aquí para ala desquiciado, ese robot que parecía mais humano cos humanos, ou esos viaxes no tempo que con tanta simpleza foran maxistralmente rodados. Buscando eses momentos, e tamen tentando crear outros, nace este ciclo de cine de ciencia ficción.

O punto de partida era sinxelo; películas norteamericanas esquecidas. Pero dende ahí xurdíu unha viaxe entre distintos países e épocas, rescatando películas mais o menos esquecidas, que quizas pola sombra doutros filmes mais respetados, pasaron pouco a pouco aos recunchos da escuridade da nosa mente.

Decir que é unha elección totalmente arbitraria, de coñecidos, libros, listas e butraos de internet, que foron fiando dende aquí para alá a escritores, con directores, con músicos etc. Polo seu continuo desafío a leis, a viaxes adiante e atrás no tempo, e polos seus aparentemente momentos absurdos, a orden de proxección será particularmente azarosa.


Como é dito arriba, o punto de partida son os Estados Unidos. Incluídas están películas moito anteriores, de países como Francia ou a URSS, pero é dende Estados Unidos donde hoxe en día estánse a producir maior número de películas e por tanto onde mais quedan esquecidas rapidamente. Tomamos Norteamérica, e particularmente as décadas dos 60 e 70, por ser neste lugar onde debido a unha serie de cambios sociais-culturais a ciencia ficción tería unha particular explosión, acontecendo un salto de calidade e cantidade, que non se vira antes.

Encontrámonos nun momento incribre para Norteamérica, a competición do espazo, guerras que transformarán a mentalidade dos seus cidadans, utopías, drogas, en consecuencia novas ideas. Todo isto deriva nun auge da literatura de ciencia ficción que será o caldo de cultivo para moitos dos filmes que aparecerán, son momentos da filosofía de Arthur C. Clarke (guionista de 2001:Space Odity) da poesía de Ray Bradbury (Fahrenheit 451 (1966)) a tecnoloxía de Isaac Asimov (I, Robot (2004)) e a metafísica de Philip K. Dick (Blade Runner)

Son tempos de innovación constante, coma naves que viaxan en busca de novos planetas, explóranse unha infinidade de xéneros, e é nesta variedade, que comeza o ciclo coa película:

Naves misteriosas. (Silent Running) (1972)

Director: Douglas Trumbull



Nestes momentos nos que so se fala de datos técnicos, accesorios, lentes e demais parafernalia, o nome de Douglas Trumbull volve a estar en boga, pois foi precursor de moitos dos métodos que outros cineastas e especialistas desenrolarían. A rede está chea de palabras que describen mais o minuciosamente as súas diferentes artimañas, non é este lugar para plasmalas, por aburrido, e porque se algo hai que destacar deste director e de innovador, a tal punto que foi clave en dous dos máis importantes filmes do xénero "Blade Runner" en " 2001: odisea no espacio".

Nominado 3 veces aos Oscars, e creador do método Showscan. A afición polo desenvolvemento de efectos especiais no filme venlle de familia, pois o seu pai xa traballara neste mesmo campo no " The wizard of Oz" de 1939.

Topámonos cunha película na que é preciso falar de moitos nomes, dende o seu director-productor, que creará uns escenarios que serán rescatados para a serie Battlestar Galactica (78-79) ata unha banda sonora de Joan Baez cuns arreglos Peter Schickele. Gustaríame pararme e no guión, escrito entre outros por Michael Cimino, e no que se fai unha defensa da natureza por encima do home, que garda curiosos paralelismos coa película, tamén proxectada fora do ciclo "Moon" de Duncan Jones, na que vemos coma o protagonista deshumanizado, no por iniciativa propia, cuida dunhas prantas as que lle fala e que son o último enlace coa natureza nun bosque de

circuitos e chatarra. Dase tamén a casualidade de que coma en "Naves misteriosas", o protagonista chega a empatizar mais coa máquina que cos propios seres humanos.

En naves misteriosas, existe unha defensa moi forte da ecoloxía, moi desenrolada nesa época, sendo un dos camiños que toma a ciencia-Ficción, por por un exemplo, mentres estase a rodar esta película, o propio director, con outros técnicos de efectos especiais coma John Drysktra y Richard Yuricich, dirixe os efectos especiais da película "The Andromeda strain" (1969) Robert Wise (R. Wise, foi un dos grandes montadores, nominado ao Oscar pola montaxe de "Cidadaño Kane") na que se prantean problemas etico-biolóxicos, expostos nun guión dun dos escritores de referencia en cuanto a ciencia ficción Americana.

"Slaughterhouse-Five" (Matadero Cinco; Castelán)

Director: George Roy Hill



O escritor Kurt Vonnegut sería un dos sete soldados americanos que sobreviviría ao bombardeo que logo sería reflexado na novela que o director de filmes coma 'Butch Cassidy and the Sundance Kid ' (Dos hombres y un destino, C*) ou 'The Sting Viaxes' (El Golpe, C*) George Roy Hill levaría a pantalla nunha película con violíns de Glenn Gloud, con viaxes no tempo, humor negro e demais ingredientes que farán unha película inclasificable. A novela, publicada durante a guerra de Vietnam, sería un éxito de vendas o que produciría un certo rexeitamento no momento de adaptarse ao cine, quizais sexa por isto que tivo una acollida algo tibia. Non obstante, o escritor declararíase que entre as súas novelas, esta foi a mellor levada o celuloide.

Música: Glenn Gould

[...]La música fué elegida por Glenn Gould, toda ella compuesta por Johann Sebastian Bach, aparte de algunos pasajes que se deben al propio Gould.

De las músicas de Bach utilizadas en el film, la primera es el Largo del *Concierto para piano nº 5* (originalmente concierto para clave nº 5, se entiende), que más tarde utilizará Woody Allen en *Hannah y sus hermanas*, y que puede decirse que

es "el tema de Billy": aparece en los títulos de crédito, cuando Billy deambula por las Ardenas antes de ser capturado, y en las dos ocasiones en que será tentado de dejar la Tierra para irse a Trafaladero. El paseo de los prisioneros por las calles de Dresde (música barroca para una ciudad barroca) se nos muestra acompañado del Allegro final del *Concierto para piano nº 3* y del Presto final del *Concierto de Brandenburgo nº 4*. El incendio de Dresde es acompañado por la nº 25 de las *Variaciones Goldberg*; otra de las Variaciones, la nº 18, aparecerá más tarde, cuando Billy conoce a la extraterrestre "Montana": A parte de describir su carácter, hará que Billy la relacione con lo que vivió en Dresde. Por último, el preludio coral para órgano *Komm, heiliger Geist, herre Gott* (Ven, Espíritu Santo, Señor Dios), BWV 651, suena en las escenas finales cuando "Montana" da a luz a su hijo.

Las grabaciones utilizadas son, obviamente, las de Glenn Gould, y en el caso de los conciertos para piano está acompañado por la Sinfónica Columbia dirigida por Vladimir Golschmann. Sin embargo, en el *Concierto de Brandenburgo nº 4* y en el del Preludio coral para órgano no se disponía de grabaciones interpretadas por Gould, por lo que se recurrió, respectivamente, a Casals con el Festival Marlboro y a Lionel Rogg.

Matadero 5 fue la primera colaboración de Gould con el cine, si se exceptúa un corto de animación de 7 minutos de duración llamado *Esferas*, dirigido en 1969 por René Jodin y Norman McLaren, del que más adelante se volverá a hablar. A pesar de ser su trabajo para el cine más conocido, Gould no quedó satisfecho de *Matadero 5*, tal vez por tratarse de un encargo y no de un proyecto en el que estuviera personalmente involucrado. [...] (1)

Fotografía: Miroslav Ondříček


Rodar esta película non foi nada facil, ambientada no que debería ser Dressde, coñecida coma " A Florencia do Elba", requería unha serie de decorados, que astutamente o director de fotogragía M. Ondříček solucionaría, rodando parte da película en Praga, feito que repetiría para rodar a Vienna de Amadeus(1984, Milos Forman).

Primeira película galardonada co premio Saturno de Ciencia-Ficción.

Strange Days (Días extraños) EEUU

1995

Directora, Kathryn Bigelow



Unha vez mais, co paso do tempo, a crítica non especializada intenta cambiar de sitio películas, que no seu momento, non conseguiron despertar o entusiasmo dos espectadores, e que foron rotundos fracasos. A elección desta película con tintes futuristas, pero rodada só 5 anos antes da data que quere representar é debida en parte ao todo o que parece deberlle ao cine dos anos 80 e 90, así como as circunstancias que fixeron que pasase desapercibida quizais por estar no grupo das películas de acción de consumo rápido, pero nas que había algo máis que explosións e violencia.

Cine dos anos 80 e 90.

Como en tantas outras épocas nos 80 e 90 xúntanse unha serie de directores, con gustos en común, cun estilo e estética que se marcará unha época, e que fará que

vendo apenas uns minutos, case sempre seas capaz de situar a película.

Refírome a un grupo de directores coma James Cameron, Tony Scott, Kathryn Bigelow, Jhon McTiernan, Oliver Stone, Bryan Singer, Richard Donner etc. Son tempos nos que os efectos especiais que antano usáranse para recrear realidades, cambian de tono e ríndense a espectacularidade e as explosións. É o momento da acción por excelencia, non importa o xénero, o importante é o coiro-vinilo, as luces de neon, as armas, os coches que explotan, outro wertern. E neste mar de novas películas aparece en 1995 "Días extraños" mostrando unha sociedade abandonada, que unha vez máis ríndese a unha nova droga.

Cyberpunk na liña do que anos máis tarde usará Cronenberg en eXsistenZ.

Circunstancias

Cando chegamos ao guión, topamos un nome ao que en lugar de comillas deberíamos por símbolos do dólar, ese todopoderoso canadense, que soubo atraer unha e outra vez leccións de espectadores de todos os tipos, e encheu pantallas durante meses, xa fosen barcos que se afundían, ou planetas explotados polo ser humano. James Cameron.

Kathering Bigelow estivera casada anos antes con James Cameron, e aínda que nos Oscars do 2008 falábase de que a exmuller roubáballe a estatuilla ao todopoderoso Cameron, hai que ser recordar que xa romperan a súa relación en 1991, e nesta película na que traballan xuntos, non formaban xa parella.

Os datos dín que a película custou cerca de 50 millóns de dólares, e apenas recaudou 10, e quero remarcar este dato, porque por un lado, unha das cousas que sabe facer Cameron, son cartos, e por outra, unha e outra vez, cando unha película fracasa nos cines e non recauda o gastado, quédanlle dúas opcións, película de culto, ou fracaso.

30 años uf

TODO O 2013
CELEBRÁNDOO

CICLO

CINE DE CIENCIA FICCIÓN

OS MARTES A LAS 20,30 H. NO CAFÉ UF

Bloque Americano:

- Naves misteriosas 11/ Junio 2013



- Matadero 5 18/ Junio /2013



- Días extraños 25/ Junio /2013



Bloque Europeo

- Aelita (Unión Soviética) 2 / Julio / 2013



- On the silver Globe (Polonia) 9 / Julio / 2013



- El hombre Anfibio (Unión Soviética) 16 / Julio / 2013



- El pueblo de los malditos (Reino Unido) 23 / Julio / 2013



- Planeta salvaje (Francia) 30 / Julio / 2013



Programación organizada por Gonzalo Rial Muñoz